



*Orde do 2 de abril de 2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a concesión das **axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero** e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 66 , do 5 de abril de 2013).*

GUÍA INFORMATIVA

- O prazo de presentación de solicitudes remata o **31 de outubro de 2013**.
- Non poden solicitar esta axuda as mulleres que tivesen percibido anteriormente esta axuda ou a axuda prevista no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (axuda de pago único).
- A solicitante debe reunir todos os requisitos na data de presentación da solicitude e mantelos ata o momento da resolución e durante a súa percepción.
- O documento acreditativo da situación de violencia debe estar adoptado ou emitido **no intervalo temporal que comprende os 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude**. Se o documento acreditativo é a orde de protección ou a medida cautelar terán que estar vixentes na data de presentación da solicitude da axuda e manter a súa vixencia na data da resolución.
- O cesamento da convivencia tivo que producirse **no intervalo temporal que comprende os 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude**.
- No caso de que para acreditar a situación de violencia de xénero se presente a orde de protección, sentenza ou informe do Ministerio Fiscal e non conste, ou non se deduza, a data na que cesou a convivencia, deberá presentarse tamén un informe dos servizos sociais ou unha declaración responsable da solicitante (anexo IV) na que conste que a situación de violencia ocorreu nunha relación de convivencia e a data na que tivo lugar o cesamento da dita convivencia.
- **Declaración responsable de rendas, patrimonio e ingresos mensuais da solicitante (Anexo II), da axuda xunto coa documentación que xustifique os ingresos declarados**:

A contía da axuda establécese en función das rendas e ingresos **da solicitante** exclusivamente. O **límite de ingresos mensuais** para poder ser beneficiaria desta axuda é de **798,77 euros** (1,5 veces o IPREM vixente). Para o cálculo computaranse os rendementos do traballo (soldo), do capital mobiliario (intereses das contas...), do capital inmobiliario (arrendamentos...), das actividades económicas (agrícolas, gandeiras...) e as prestacións (subsídio por incapacidade temporal, maternidade...) agás as asignacións económicas da Seguridade Social por fillo/a a cargo. Deberá declarar os **ingresos brutos actuais**; no caso de non ter ingresos, indicárase "ningún" no anexo II. No caso de percibir unha axuda ou subvención, estas deberán figurar TAMÉN nos anexos II e III.

- Toda a **documentación** que se presente deberá ser **orixinal ou copia cotexada**.



- Se a situación de violencia de xénero se acredita a través do **informe** dos servizos sociais e/ou dos servizos de acollida este **deberá conter alomenos**:
 - As datas na que a solicitante demandou atención nese centro.
 - Os feitos que motivaron esa atención.
 - A situación familiar da solicitante.
 - O período de convivencia que orixina a situación de risco de violencia de xénero.
 - Calquera outros datos que entendan necesarios para determinar a dita acreditación.

Este informe **deberá concluír coa valoración** da/do profesional dos servizos sociais ou de acollida **sobre a condición de vítima de violencia de xénero da interesada** (non serán válidos aqueles informes que recollan os feitos relatados pola vítima e non achen esta valoración profesional) e estar **asinado** pola/o profesional que o emita.

- Se á solicitante lle fose requirida documentación deberá presentala no prazo de 10 días hábiles a contar dende a recepción do requirimento, a través das vías previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se se presenta por correo deberá figurar o selo da oficina de Correos coa data na que se presenta. De non figurar o selo de Correos e ter entrada no rexistro despois deses 10 días, estará presentada fóra de prazo e **terase á solicitante por desistida da súa solicitude**.
- A solicitante deberá **comunicarlle de xeito inmediato**, á Secretaría Xeral da Igualdade -Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero- os **cambios relativos aos seus ingresos, domicilio, número de conta bancaria** e outros relevantes en relación á axuda que se produzan dende a presentación da solicitude ata a súa resolución e, de ser o caso, ata o remate da percepción da dita axuda.
- No caso de que a solicitante estivera percibindo a renda de integración social de Galicia (RISGA), **unha pensión non contributiva (PNC)**, a renda activa de inserción (RAI) ou calquera outra axuda ou subsidio público vinculado á inexistencia ou insuficiencia de recursos, **deberá comunicar ao órgano correspondente (Consellería de Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego Estatal, etc) que resultou beneficiaria da axuda periódica de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero**, co fin de non incorrer na percepción de ingresos indebidos e de recibir a información axeitada sobre os seus dereitos e obrigas en canto á posibilidade de volver a percibilas unha vez rematada a percepción desta axuda.